



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000040

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte e sete minutos do día tres de decembro de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 746 de data 2 de decembro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretario accidental don Senén Martínez Prieto nomeado por resolución de Alcaldía núm. 744 de data 02.12.2024.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- EXPEDIENTE DE SERVICIOS: “CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA PARA O CURSO DE 2024/2025 E 2025/2026 (APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE).-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA PARA O CURSO DE 2024/2025 E 2025/2026 (CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA POR 2 CURSOS MÁIS), POR PROCEDIMENTO ABERTO TRAMITACIÓN ORDINARIA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Expte nº: 2024/C004/000005

Vista a providencia de Alcaldía de data 22 de maio de 2024.

Visto informe de necesidade elaborado polo Técnico de Cultura, asinado en data 22 de maio de 2024.

Visto o informe de secretaría polo que se establece o procedemento aplicable, así como a proposta de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación e que constan no expediente da cabeceira.

Considerando o informe de fiscalización de 19 de novembro de 2024,

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, do servizo para a xestión da Escola de Música de Valdoviño para o curso 2024/2025 e 2025/2026, cun orzamento base de licitación de 103.292 euros, cantidade exenta de IVA en virtude do artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente contrato. Neste caso, de acordo co establecido no cadro de características técnicas do contrato, no punto 2.5, xustifícase a mesma por considerar que a coordinación da execución das diferentes prestacións podería verse imposibilitada pola división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 334.22799 do orzamento municipal do exercizo 2024.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000005).

2º.-EXPEDIENTES DA AREA DE URBANISMO.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE LICENZA DE EDIFICACIÓN (EXPTE. NÚM. 230/2024); ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.11.2024.

Expte obras nº 230/2024 TEDEC 2024/U022/000013

Na Xunta de Goberno Local do 19.11.2024 apróbase a licenza de edificación para a vivenda unifamiliar no Lugar de Pazos nº 25 do expte. 230/2024, promovida por [REDACTED]

A Secretaría acdctal., debidamente autorizada pola Presidencia, fai constar ao respecto a existencia dun erro no acordo e, por extensión, na Licenza e que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio, procede á emenda de dita erro, de xeito que segue:

Onde di: “**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] e [REDACTED] **Painceira** licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **Avda. Porta do Sol, 48, parroquia de Valdoviño, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº9188409NJ6298N0001ZM).**
...”

Debe dicir: “ **Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] [REDACTED] licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **Pazos, 25, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº 15088A501005930000GI).**
...”

Sen que o contido do acordo adoptado na sesión do 19.11.2024, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño, o 02 de decembro de 2024.

O Alcalde,
Asdo. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000013).

3º .-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E ANEXO I (SOLICITUDE INSCRIPCIÓN) DO IV CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2024).-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Manifestando esta Corporación Municipal o interés en convocar o “**IV CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2024**” coa finalidade de promocionar e apoiar ao tecido empresarial do Concello de Valdoviño así como animar a

particulares con domicilio no mesmo a decorar as súas vivendas potenciándose entre todos o ambiente festivo coincidindo coas festas do Nadal.

PROPONSE

A aprobación das bases do “**IV CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2024**” e do ANEXO I (correspondente á solicitude de inscrición) que aparecen en documento adxunto a esta proposta.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 02 de decembro de 2024.

O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/D001/000024).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario accidental, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo polo secretario accidental e polo alcalde/